



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

25 de xullo de 2007

Nº 13

METEOROLOXÍA

Semán de precipitacións alternas (algunha xornada con choiva intensa e constante) e nubosidade variable donde predominou a alternancia de tempo cuberto e soleado. Temperaturas medias suaves con valores próximos aos 18 - 20°C. Coa entrada do anticiclón a previsión é de que suban as temperaturas con ausencia de precipitacións cunha progresiva estabilización das condicións meteorolóxicas. A suba de temperaturas que se espera, ata os 30 °C o superiores en zonas de Ourense, diminuirá significativamente o risco de ataque de fungos.

VIÑEDO

En todas as zonas acumúlase certo retraso no ciclo produtivo. Ademais, sen poder facer unha estimación de produción debido ao estado fenolóxico en que se atopa o cultivo, as previsións de colleita apuntan a unha merma significativa respecto a un ano normal.

Prácticas recomendables:

- eliminar parte da vexetación que está próxima aos acios para facilitar a aireación da planta tendo precaución de non deixar expostos os acios ao sol nas variedades sensibles coma o Godello para evitar queimaduras.
- as parcelas cultivadas con viñedos que estean próximos a outras co mesmo cultivo e abandonadas teñen un maior risco de infección de enfermidades ou pragas que o resto, polo que deberán extremar a vixilancia.
- como medida sanitaria preventiva débense eliminar aqueles acios que estén afectados por enfermidades coma o Mildiu para evitar a súa transmisión aos acios sanos.


D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L (pechamento do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

A sintomatoloxía de Mildiu (*Plasmopora viticola*), tanto en folla como en acio, mantense, aínda que cos tratamentos aconsellados en anteriores boletíns as contaminacións novas non se detectan tan intensas. A esta diminución da agresividade do Mildiu contribúe o estado fenolóxico no que se atopa a vid, estado que resiste mellor as infeccións. A baixada das temperaturas reduciu tamén o ritmo das contaminacións, aunque en menor medida que o estado fenolóxico.



En canto á avelaiña do acio, produciuse unha baixada drástica nas capturas podéndose aproximar o remate da curva de voo da segunda xeneración (gráfico adxunto).

Non se aprecia incidencia destacable de ácaros. O tratamento aconsellado a semana pasada para prevenir ataques de Oidio (*Uncinula necator*) en base a xofre espallado, contribúe a manter baixos os niveis da praga.



Leve afección de Podremia gris ou Botritis (*Botrytis cinerea*) nalgunhas leiras. Foi recomendado xa un tratamento antes do peche do acio naqueles viñedos con antecedentes de ataque.

Recomendacións da semana

Mantemento do seguimento do Mildiu en previsión dun posible cambio meteorolóxico da semana vindeira. De sobrevir condicións máis propensas para as contaminacións poderase tratar con algúns dos produtos indicados no boletín anterior, preferentemente produtos penetrantes para os viñedos con síntomas e de contacto para o resto.

Os viñedos que, habendo tido antecedentes de Podremia do acio na anterior campaña, non realizaran o tratamento aconsellado no derradeiro boletín, deberán facelo como prevención do ataque.

D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio). Comeza a verse o inicio do envero (**M1**) nas variedades máis precoces.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Seguen aparecendo, con moita menor intensidade que nas semanas anteriores, novas manchas de Mildiu (*Plasmopora viticola*) en follas, ademais de acios afectados pola enfermidade larvada. Apareceron, de xeito localizado, síntomas de ataque de Oidio (*Uncinula necator*) pero de pouca intensidade. Non se produciron novos ataques de Black-rot (*Guignardia bidwellii*).

A partir deste estadio fenolóxico a presión do Mildiu redúcese considerablemente.

Recomendacións da semana

Mantéñense as mesmas da semana pasada. Recoméndase renovar o tratamento fronte a Mildiu a base de materias de contacto ou penetrantes. No caso de ter problemas nos acios, recurrirase a un tratamento con materias activas curativas. A previsión é que a presión da enfermidade remita pola importante suba das temperaturas que as predicións anuncian.

É importante alternar os fungicidas empregados recomendándose non superar os tres tratamentos por campaña da mesma materia activa, pero sempre de xeito alturno.

Manter protexida o viñedo fronte ao Oidio. No caso de elixir como materia activa o xofre, non é aconsellable tratar nas horas centrais do día polo risco de queima de acios que supón.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio). Comeza a verse o inicio do envero (**M1**) nas variedades máis precoces.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Apareceron novas manchas en folla de Mildeu. Con moita menos presenza se manifestaron os síntomas en acios. Non se reproduciron as manchas de Black-rot. Seguimos en período de risco de ataque de Oídio.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.



D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio).

Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas

A presión da enfermidade provocada polo Mildiu é menor que no Ribeiro. Nas zonas baixas con pouca aireación o risco de infección é maior, chegando a ocasionar danos na colleita.

Remitiron os ataques provocados por Black-rot e apenas hai problemas provocados por Oídio, non obstante seguimos en período de risco de ataque desta enfermidade.

Recomendacións da semana

As mesmas que para o Ribeiro.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

K (gran tamaño guisante)/L (peche do acio).

Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas

As mesmas que na DO Valdeorras.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

MACEIRA

Estado fenolóxico medio

Froito en crecemento dende tamaño noz (zona norte, p.e. Ortegaleira) ata 6 cm o máis de diámetro medio no sur (p.e. Valdeorras)

Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas

A Araña vermella (*Panonychus ulmi*) mantense, en xeral, en niveis baixos a causa das baixas temperaturas medias. Vixiar as follas máis vellas, xa que coa subida das temperaturas as formas móbiles dos adultos, que xa están no follaxe, reactivaranse.

O Agusanado (*Cydia pomonella*) comenza deixar ver os seus danos.

As infeccións novas por Moteado (*Venturia inaequalis*) remiten drásticamente. Os danos producidos con anterioridade deixan ver os seus efectos nas deformacións dos froitos.

Recomendacións

Conven facer seguimento do voo da Carpocasa para saber o momento no que efectuar o tratamento. No seu defecto, seguir as recomendacións do último boletín fito.

PATACA

Comarca de A Limia

As condicións meteorolóxicas foron de estabilidade: ausencia de precipitacións, salvo as choivas producidas durante a fin de semana. As temperaturas medias aproximáronse a valores de 20 °C.

As previsións contemplan un incremento das temperaturas e a estabilización das condicións meteorolóxicas con ausencia de precipitacións.

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase engrosamento de tubérculos. Nas zonas con máis altitude o ciclo está lixeiramente adiantado respecto a zona da lagoa polo que se atopan na fase de engrosamento do tubérculo.

Recomendacións da semana

As condicións continúan sendo de risco para o ataque de fungos, con menor presión da enfermidade respecto ás pasadas semanas, polo que é imprescindible manter protexido o cultivo fronte ao Mildiu. Hai que estar vixiantes polo que no caso de que se detecten síntomas na rama deberase recurrir a materias activas de carácter curativo, ademáis das preventivas, xa que o risco de ataque manterase a medio prazo.

Incrementouse a presenza dos exemplares de Escaravello (*Leptinotarsa decemlineata*) polo que se recomenda facer un tratamento insecticida contra esta praga. Coa suba de temperaturas hai que manterse vixiante.

Tamén se detectou a presenza de Verme gris (*Agrotis segetum*) e Verme branco (*Anoxia villosa*).

HORTA

Horta en A Limia

CEBOLA

- Coa data de transplante en marzo/abril, estase no estado de engrosamento do bulbo (**H**). Cebola con 13 follas. Superouse a metade do ciclo do cultivo.

- Coa data de transplante en maio, estase no estado de formación do bulbo (**G**). Cebola con 11-13 follas.



sigue Horta en A Limia

Horta en A Limia

Recomendacións

Como na semana pasada, manter os tratamentos de xeito preventivo contra Mildiu (*Peronospora schleideni* Ung) e Botrite (*Botrytis squamosa*).

Deberase facer un tratamento preventivo contra o fungo Esclerotinia nas parcelas que estén no estadio H.

As condicións meteorolóxicas, con temperaturas suaves, non están a favorecer o ataque de pragas polo que non se recomenda ningún tratamento. Observouse un incremento da poboación de trips, sobre todo nos bordes das parcelas, o que obriga a facer un seguimento da praga por si fora preciso facer un tratamento no caso de superar os umbrais de tratamento.

REPOLO

Planta con 12-14 follas.

Recomendacións

Non se recomenda ningún tratamento contra o Mildiu. Detectouse a presenza de eirugas defoliadoras superando os límites de tratamento polo que se recomenda facer un tratamento insecticida para controlar a praga.

OUTRAS INFORMACIÓNS

COMERCIALIZACIÓN Y UTILIZACIÓN DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS

Produtos coa materia activa:	Data na que deixarán de estar autorizados	Prazo máximo de comercialización	Prazo máximo de utilización
cadusafos	18/12/2007	18/06/2008	18/12/2008
carbofurano(1)	13/12/2007	13/06/2008	13/12/2008
carbosulfán	13/12/2007	13/06/2008	13/12/2008
diazinón	06/12/2007	06/06/2008	06/12/2008
diuron	13/12/2007	13/06/2008	13/12/2008
haloxifop-R	19/12/2007	19/06/2008	19/12/2008
metil oxidemetón	21/11/2007	21/05/2008	21/11/2008

Derradeiras datas no referente á exclusión de produtos fitosanitarios que conteñan determinadas sustancias activas en fase de retirada.

(1) carbofurano: retírase la autorización de uso nos cultivos de allos, cebolas, tomate, berenxena, millo,

coliflor, brécol, pataca, sorgo e platanera.

metomilo: se retira a autorización de uso nos cultivos de tomate, berenxena, espinaca e similares, herbas aromáticas e leituga, debéndose proceder ao reetiquetado dos formulados para a súa comercialización.

Lémbrese que o último listado de sustancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas, excluídas e en revisión comunitaria pódese consultar na páxina da Consellería do Medio Rural:

<http://mediorural.xunta.es/agricultura/sanidade/subs.php>

ou na do MAPA:

<http://www.mapa.es/es/agricultura/agricultura.htm>